

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957), biólogo e profesor de ensino medio, é autor dunha extensa obra narrativa, recoñecida pola crítica e os lectores.

É dono dunha longuíssima traxectoria na nosa literatura. Leva publicadas máis de cincuenta obras. Cultiva todos os xéneros —a narrativa, a poesía, o xornalismo e mesmo o teatro infantil— e está en posesión dalgúns dos premios máis salientables das letras galegas: o Blanco Amor e o Café Dublín de novela, o Cidade de Ourense de poesía, o Lueiro Rey de narrativa breve, o Risco de literatura infantil, ou o Frei Martín Sarmiento, outorgado polos lectores e lectoras mozas en tres ocasións.

Animador de múltiples actividades culturais, foi o primeiro presidente (1994-97) da asociación cultural "A Santa Compañía" de Cambados, onde reside. É un dos promotores da revista homónima. Ten desenvolvido unha intensa actividade xornalística dende os anos oitenta, sendo columnista en distintos xornais (*El Mundo*, *Faro de Vigo*, *O Correo Galego*), creador de **series xornalísticas**: Blues da fronteira (*La Voz de Galicia*), O libro de area (*Faro de Vigo*), e colaborador en suplementos culturais (*Galicia Literaria*, *Faro das Letras*, *La Ría del Ocio*, *Arousa-Un mar de cultura*).

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Poemas, relatos e colaboracións súas aparecen tamén en escolmas, antoloxías, revistas literarias e congresos dentro e fóra de Galiza.

É un dos iniciadores da Ciencia Ficción galega e autor dunha das primeiras **novelas** do xénero nesta lingua, *Soños Eléctricos* (Xerais, 1992), galardoada nese ano co premio Blanco Amor de novela. Deste mesmos xénero publicou :

- *Os ollos da noite* (1990).
- *Crónicas de sucesos* (1991).
- *Lumefrío* (1994).
- *Fendas no tempo* (1995).
- *Sarou* (1997). (novela curta). Reeditado con máis textos baixo o título *Sarou/Louzós* en 2012 (Premio Café Dublín)
- *Negros espellos* (2001)
- *Escáner* (2002).
- *O sangue dos camiños*, 2003,
- *Boca da noite* (2003)
- *Dedre* (2004).
- *O frío azul* (2008). (Premio Lueiro Rei (2007), Premio Templis-Fnac)
  - Traducido ao castelán como *El frío azul*. (2011).
- *Tiempos de fuga* (en castelán) (2008). (Premio Risco)
- *Flash-Black 13* (2014).
- *Liquidación de existencias* (2016).
- *O camiño da Estadea* (2016)
- *Terra queimada* (2017)

Como autor de **relatos** publicou tamén os volumes: *Os ollos da noite* (1990); *Crónica de sucesos* (1991); *Lumefrío* (1994); *Fendas no tempo* (1995); *A incerteza dos paraísos* (2000), *Boca da noite* (2003) e máis recentemente *A velocidade crítica* (2021).

É coautor de varios **libros colectivos de narrativa** como *Narradores de cine* (1996), *Novo do Trinquete* (1997), *E dixo o corvo...* (1997), *Palabras con fondo* (2000), *Historias para calquera lugar* (2001), *Longa língua* (2002), ou *Narradio* (2003), entre os máis salientables.

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Como **POETA**, publicou :

- *Paisaxe de verde chuvia* (1986)
- *Todo quanto há no mundo* (1989)
- *Cerne das labaradas* (1994)
- *Flor no deserto* (1995)
- *Xeografías do sal* (1999)
- *Diacrónica* (2002)
- *As máscaras de Cronos. Poemas 1994-2005* (2006). Compilación de tres libros publicados (*Cerne das labaredas*, *Flor no deserto* e *Xeografías de sal*) e dous con textos inéditos ou só publicados en revistas e libros colectivos (*Diacrónica* e *Addenda*).
- *Criptografías* (2010)
- *A chuvia humana* (2012)
- *A chuvia integral* (2022)


Non esquezamos a súa produción para o público **infantil e xuvenil** que tamén é moi prolífica.



Tanto para os máis pequerrechos e pequerrechas da casa como os contos de *Micifú e os seus amigos*

Como para os-as adolescentes (*O futuro roubado*, *A negrura do mar*, *Endogamia 0.2*, etc.)


Moitos dos libros de literatura xuvenil de Caride Ogando forman parte da programación de lecturas de institutos de educación secundaria galegos.



Esto tan so é un pequeno exemplo da basta produción literaria de Ramón Caride Ogando.

Imos agora coa nosa lectura...

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A




## “O frío azul” de Ramón Caride

Por Xosé Lois García (Galicia Hoxe, 2008)

Artigo

Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) manifesta certa tendencia en colocar relevantes persoeiros itinerantes que nos guían nas súas narracións. *O frío azul* (da colección Medusa, Sotelo Blanco, premio Manuel Lueiro Rey de novela curta 2007), revela o albor da terra grállica do Cebreiro, onde o cabaleiro Egas, fillo do señor de Doncos fai longa camiñada até os apositos de Oseira.




# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



[normalmente, baixaría directamente dende Chantada, pero ese camiño estaba pechado polo temporal, así que tivo que desviarse por Vilamarin, Biduedo e Cea (vid. Mapa ). Imaxínade ese camiño no século XVI, a cabalo e con temporal]

Procura falar co abade e percorrer cortellos, celas e celeiros, mais o labirinto enlousado de Oseira impón lindes.



O mundo pechado do mosteiro faino reflexionar sobre as andanzas de cabalería dende os montes ermos dos Ancares.

A peregrinaxe de Egas plásmase nesta narración, onde Caride articula un ambiente moi particular no que a friaxe das pedras monacais e as mentes dos monxes proclaman pasado.

A carga do pasado sobre o presente lévanos a diferenciar a arrogancia e a incompostura dun Egas que teima de ver ao abade, fronte a unha curia que procura non perder as formas ou manifestar o cálculo do peso das sombras medievais.

O igrexario na súa propia rutina de urxencias e o cabaleiro dentro dese enorme "navío sen luces no fondo dos abismos".

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Toda unha trama da vida tan particular do mosteiro de Oseira.



Mosteiro de Oseira

Foto: turismoenourense.blogspot.com

Unha historia que a Ramón Caride non lle é allea, por nacer e vivir case nos seus arentes; de oír tantas lendas e historias verdadeiras e moitas imaxinadas. Caride sitúase no que non lle é lonxincuo e alleo. Mais el ten que crear outra historia recreando o cabaleiro das andanzas e facela crible ao lector para que entre no humidal desas pedras e acreditar as temperanzas e as cobizas dos bastardos de Bernardo de Claraual.

Mediante a difusión da Orde do Císter, [Bernardo de Claraual](#), inzou Europa de mosteiros: en 1151 existían 350 abadías adheridas á reforma cisterciense. Canda os mosteiros, espallouse a arquitectura cisterciense da que existen boas mostras en Galicia (mosteiros de Melón, San Clodio, Armenteira, [Oseira](#), Meira...).

*Os mosteiros cistercienses foron axentes económicos fundamentais na Idade Media, e así Galicia "sentirá o seu influxo benfeitor na colonización de lugares improditivos e inhabitados, na planificación do labor agrícola, na promoción de servos a colonos de numerosos traballadores en granxas creadas polos mosteiros".*

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Caride pon o noso máxín a percorrer os sitios e as xeometrías secretas da intolerancia e de exotéricos símbolos que en Oseira ficaron reservados e aínda respiran nesta ficción. A perda do anel que o abade lamenta mais o perfil desa suntuosidade asombran ao señor de Doncos. Os poderes en contubernio e nun confronto dialéctico falan dos vellos símbolos medievais xa en desuso no século XVI, onde o narrador sitúa a súa novela.

Isto posiciona os contendentes nun espazo e tempo que non lles corresponde, todas esas conxuras son mais típicas da idade medieval que da moderna. Mais este posicionamento, por parte de Moncho Caride, é correctísimo dado que el sabe e contempla que aquela clase de clero e de cabaleiros galegos estaban postergados en conceptos e arremedos dunha sociedade superada que eles conservaban fronte á modernidade. Velaquí a crítica que o noso autor fai ao destempo daquela sociedade que está noutro universo ben distinto aos acontecementos e aos primordios do século XVI.





## *'O frío azul' de Ramón Caride faise co Premio Lueiro Rey de Narrativa Breve 2007*

### Artigo

O xurado outórgalle o galardón por unanimidade a unha novela que viaxa ao século XVI e na que o seu autor achou "un desafío". Elementos históricos e fantásticos conviven nesta reflexión "sobre a intolerancia e os abusos do poder".

"Houbo total unanimidade". Así o sinalaban os membros do xurado logo de outorgarlle ao narrador e poeta Ramón Caride Ogando o Premio de Narrativa Breve Lueiro Rey pola súa novela *O frío azul*.



O alto valor literario da súa prosa, a coidada construción dos personaxes e a dosificada tensión dunha trama que viaxa á Idade Media fixeron que esta narración se impuxera entre os vinte orixinais que se presentaron á décimo quinta edición do galardón, que convoca o Concello do Grove en colaboración coa editora Sotelo Blanco.



# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



"*Propúxenme esta novela como un desafío e estou contento co resultado*", sinalaba o autor, que confesa que aprendeu moito con este mergullamento no século XVI, en ambientacións diferentes como Galiza, o Val de Xálima, berce do galego estremeiro falado en Cáceres, e Toledo. Logo de madurecer o relato, precisamente despois dunha visita do escritor a ese recanto do galego exterior, a novela foi medrando "*nun proceso moi agradábel, no que fun descubrindo moitas cousas...*".

A vontade de Caride Ogando era, sen renunciar ao rigor e á calidade formal, acompañar o lector na descuberta do misterio que se cifra nas páxinas de *O frío azul*, e facelo con doses de misterio e de fantasía.

A lenda, unha lenda popular do Courel relacionada coas mulleres, está na base desta historia, que se inicia coa chegada dun viaxeiro ao Mosteiro de Oseira, en Ourense, no medio dunha treboada. Ese protagonista leva consigo unha pregunta, un enigma, un fío do que deberá tirar canda o abade de Oseira para ir, ao paso de quen le, desfacendo o nobelo.

No seo da narración, no que tamén abrollan elementos filosóficos e "*diálogos platónicos entre os personaxes*", o autor de *Soños eléctricos* acudiu a fitos do século XVI como, segundo explica, "*as guerras pola coroa de Castela ou os procesos inquisitoriais en Estremadura*", que o narrador sitúa, desta volta, no citado Val de Xálima.

Convencido de que "*o estilo é unha ferramenta para comunicar*", pero que non debe supor un impedimento, unha barreira, Ramón Caride quixo, na novela distinguida co Lueiro Rey, "*manter a axilidade narrativa e implicar o lector*".

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



O escritor non quere adscribir *O frío azul* á tan común e xa gastada etiqueta de *novela histórica*, polo menos non ao que se entende por novela histórica nos andeis de librarías e centros comerciais.

"Hoxe xa non se fan novelas históricas como *Memorias de Adriano*", sinala este ourensán, cambadés de adopción, quen quixo abordar "nesta novela de acción e diálogos" asuntos que son recorrentes na súa produción literaria anterior.

"Un dos principais temas de *O frío azul* é a intolerancia e os abusos do poder", apunta o narrador, pero tamén "a postergación da muller e mesmo a destrución da natureza", asunto este último representado na presenza invasora dos mosteiros, símbolo de poder eclesiástico, no seo dunha natureza virxe.



**Claustro do Mosteiro de Oseira**

Foto: pabloduran001.blogspot.com

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Agora abandonamos Oseira e nos trasladamos a terras estremeñas, ao Val de Xálima (“onde comezou todo”-páx. 32), e onde falan unha lingua propia.

## VAL DE XÁLIMA E A FALA



O **Val de Xálima**, coñecido tamén como **Val do río Ellas** ou **Val dos Tres Lugares** (na fala *Vali de Xálima*, *Vali do riu Ellas* ou *Os Tres Lugaris* e en español é oficialmente **Valle de Jálama**), é unha rexión da provincia de Cáceres en Estremadura, situada na fronteira con Portugal e Salamanca.

Nela consérvase e utilízase a **Fala de Estremadura**, considerada unha variante do galego, se ben non ten calidade de lingua oficial. Comprende os concellos de **San Martín de Trebello**, **As Ellas** e **Valverde do Fresno** (lugares moi mencionados polo abade a partir da páx. 48 “...*O meu destino agardaba en Valverde do Freixo...*”)

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ

## GRUPO A



O Val de Xálima está situado a unha altitude media de 500 msnm, e está presidido polo monte Xálima, de 1.492 m de altitude, onde nacen numerosos regueiros que forman o río Ellas, que atravesa todo o val, sendo o afluente do río Texo que constitúe unha fronteira natural entre España e Portugal. O seu curso é duns 50 km aproximadamente.

O val está protexido por abruptas formacións montañosas de entre 1.200 e 1.500 m que o separan de Castela e León; ao sueste outra serra de entre 700 e 900 m sepáraa do resto de Estremadura, e polo oeste ábrese a Portugal. É, polo tanto, unha cunca natural perfectamente delimitada e apartada dos territorios de fala castelá e extremeña polas dificultades orográficas, que permitiu conservar a Fala de Estremadura, e outras características de toponimia, arquitectura e gastronomía de orixe galaico-portuguesa.

O val distínguese dos concellos limítrofes pola lingua dos seus habitantes, a fala de Estremadura.



Val de Xálima, situado no extremo noroccidental da Serra de Gata, berce da fala de Xálima, unha lingua iberorromance única que a maioría dos lingüistas catalogan como un dialecto do galaico-portugués con claras influencias do asturleonés. Esta lingua segue vixente na actualidade, e mantense practicamente idéntica a como era a principios do século XVI, nos tempos de Alfonso IX. Dela existen tres **variantes locais**:

**ou mañegu** en San Martín de Trebello,

**ou lagarteiru** en Ellas,

**ou valverdeiru** en Valverde do Fresno.

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



Aínda que as súas orixes e as súas características delatan un alto parecido co galego actual, a maioría dos habitantes do val recoñécena como un fenómeno estremeño, o que sementou algunha que outra polémica.



*A fala foi declarada Ben de Interese Cultural pola Consellería de Cultura de Extremadura no ano 2000, e forma parte indiscutible do patrimonio inmaterial da Península Ibérica.*



Que chegase aos nosos días débese sobre todo ao illamento xeográfico do Val de Xálima, e é que ata fai relativamente pouco nin sequera a maioría dos estremeños sabían da súa existencia.

Para evitar a súa desaparición, fundouse en 1992 a Asociación a Nosa Fala, co propósito principal de dotar a esta “lingua” dunha gramática común.

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



A Nosa Fala nace como unha "expresión de cultura" e como unha forma de aprender a realidade e coñecer a lingua que utilizan os habitantes de Ellas, Valverde do Fresno e San Martín de Trebello e coa que se relacionan e desenvolven, feito que fai que esta lingua permaneza viva actualmente.

Tamén se recollen como fins da asociación, a realización de accións dirixidas a manter, rescatar e recompilar as manifestacións da Fala nos distintos ámbitos da cultura que a sustentan.

Na actualidade, existen aproximadamente 5.000 estremeños falantes na Serra de Gata distribuídos en San Martín de Trevejo/Sa Martín de Trevellu (mañego), Valverde del Fresno/ Valverdi du Fresnu (valverdeiru) e Eljas /As Elas (lagarteiru). A xunta de Extremadura declarou no ano 2001 A Fala, nas súas tres variantes, como Ben de Interese Cultural, de carácter inmaterial e como tal recurso patrimonial está rexistrado no Ministerio de Cultura.

# TERTULIAS LITERARIAS SANTA CRUZ GRUPO A



## OUTROS LIBROS DE RAMÓN CARIDE OGANDO NAS BIBLIOTECAS DE OLEIROS



Biblioteca e Centro de Documentación da Muller  
 “Rosalia de Castro” de Sta. Cruz  
 Centro Cultural “As Torres”  
 Rúa Emilia Pardo Bazán, 17  
 Sta. Cruz - 15179 Liáns (Oleiros)  
 Tlf. 981626338  
 Blog : [bibliotecasoleiros.blogspot.com](http://bibliotecasoleiros.blogspot.com)  
 E mail : [biblioteca.santacruz@oleiros.org](mailto:biblioteca.santacruz@oleiros.org)

Fontes sobre Xálima e a Fala:  
[Val de Xálima](#)  
[Asociación A Fala](#)  
[Wikipedia](#)